

COLEXIO PÚBLICO.
"Escultura Acuña" VIGO.



INDICE

Introducción ----- pàix 1

1- Que son? ----- pàix 2

2- Onde se fixeron? ----- pàix 3

3- Con que se fixeron? ----- pàix 4

4- Que figuras se ven na auga da laxe? ----- pàix 5

5- Cando se fixeron? ----- pàix 6

6- Onde aparecen e por que? ----- pàix 7 e 8

7- Fotos e mapas ----- pàix 9 e 10

8- Bibliografía ----- pàix 11

No monte

Galiteiro



INTRODUCCIÓN

A través do análisis dos gravados na rocha Auga da Laxe e do seu contexto histórico e xeográfico examínanse diferentes aspectos da sociedade no comenzo da Idade do Bronce en Galicia.

Partindo desta idea os petróglifos utilizáronse como un medio de coñecer a sociedade da súa época por entender que naquel tipo de manifesto que na nosa cultura denominamos como arte son un vehículo privilexiado para acceder ó mundo simbólico do pasado.

No territorio galego que coñecemos ao menos hai tres períodos de arte rupestre o aire libre que son: o Neolítico, a Idade do Bronce e a Idade do Ferro.

Auga de Laxe I é un documento importante para o estudio dos gravados de armas e de diferentes aspectos da sociedade do comenzo da Edade do Bronce en Galicia.

Os gravados están nunha rocha granítica situada no "Monte dos Arruidos", dende o que se divisa unha espléndida panorámica das terras baixas na zona occidental da Serra do Galiñeiro.

É unha das catro estacións con armas que integran o conxunto da Auga da Laxe.



Serra do Galiñeiro

QUE SON OS PETRÓGLIFOS ?

Os petróglifos (petro=pedra + glifo= talladura) son imaxes gravadas polo home sobre a pedra ou a rocha realizadas desbastando a capa superficial con distintos métodos: picado, rayado, incisión ou desgaste (abrasión).

Teñen unha antigüidade de miles e miles de anos, moitos foron feitos polos nosos antepasados prehistóricos do período do neolítico.

É unha das formas mais antigas de arte e é a maneira que usaron os homes primitivos para rexistrar feitos, visións e contar historias de todo tipo de temas: Relixiosos, Astronómicos, Rexistros Históricos etc..

É sorprendente o feito de que moitos petróglifos mostran moita similitude en grandes distancias. Teñense atopado petróglifos moi parecidos en países de continentes distintos.

Algúns expertos tentaron traducir os petróglifos ó linguaxe moderno pero unha tarefa moi difícil e que non tivo moito éxito.



ONDE SE FIXERON ?

Os petróglifos grupo galaico de arte rupestre están realizados sobre granito, agás o mais primitivos, que están gravadas sobre lousa, e en Sarria e Samos sobre xistro.

O xacemento auga da laxe I é un documento moi importante para o estudo dos gravados de armas e de diferentes aspectos da sociedade do comenzo da idade de Bronce en Galicia.

Estes gravados están nunha rocha granítica situada no "Monte dos Arruidos", de onde se divisa unha panorámica das terras baixas, na zona occidental da Serra do Galiñeiro.



Petróglifo grabado sobre granito

A maior parte dos petróglifos descubertos no sur de Galicia, na provincia de Pontevedra, na zona costeira que abrangue dende a ría de Muros ata a desembocadura do río Miño.

CON QUE SE FLXERON?

Segundo J.M.Vázquez Varela, a técnica habitual presenta surcos de sección transversal en U moi aberta, aproximadamente un óvalo partido, cos bordes enormemente desgastados, suaves ao tacto e dunha anchura, en líneas xerais, ao menos o dobre ca profundidade. Esta técnica, fácilmente distinguible da anterior, afecta aos restantes tipos de figuras, sendo, con moito, a predominante.

O aspecto desgastado, vello, erosionado destes surcos fixo que bon número de autores intentarían encontrar unha explicación convincente no tocante ao método seguido para gravar a rocha. Así, para uns, estes surcos son o produto dunha paciente labor de frotamento contínuo da superficie a gravar, o que explicaría o seu aspecto pulido e suave ao tacto.

Outros ven dúas fases sucesivas: a primeira estaría constituída polo marco do debuxo mediante un piqueteado fino, pulindo a continuación os surcos. Ao modo de ver deste autor, pese a que calquera das teorías anteriormente expostas teñen visos de realidade, o máis probable é que a labor do gravado consistira exclusivamente nun minucioso piqueteado que a erosión no transcurso dos séculos se encargaría de disimular.

QUE FIGURAS SE VEN?

As comunidades da Idade do Bronce practicaban a agricultura e a gandería como base da súa subsistencia, mais nos gravados os únicos temas representados son os relacionados coa caza e a guerra.

O nome co que se coñecía popularmente "A pedra das Procesións", é indicativo de que a disposición das figuras recorda aos campesinos o orden en que marchaban os pendóns, as cruces, as imaxes e as persoas, nas procesións relixiosas, moi habituais nas festas parroquiais das comarcas.

Agua da Laxe I, é a representación de un conxunto de armas de comenzo de Idade de Bronce, aínda que é probable que a espada xigante pertenza a o Bronce Final.



petróglifos

CANDO SE FIXERON ?

Se teñen definido estas rochas como marcadores do territorio sobre o que estes grupos terían certos dereitos e autoridade.

Estes elementos funcionarían como sinais, quizais disuasorias, destinadas a transmitir certas mensaxes a posibles grupos competidores.

Os petróglifos abranguen tres períodos:

- Neolítico (IV e III milenios a.C.)
- Idade do Bronce (II milenio).
- Idade de Ferro (I milenio a.C. até o século III d.C).

Os gravados galegos, produto da sociedade da Idade do Bronce, coincidindo co desenvolvemento inicial da metalúrxia.

En moitos casos aparecen gravados de datacións posteriores mesturados cos existentes anteriormente, nalgunhas ocasións perseguindo a finalidade de cristianizar os símbolos considerados pagáns, á imaxe do que sucedeu con moitos castros, nos que se fixerón ermidas, igrexas ou cruceiros no lugar que ocupaban, como proceso de cristianización de lugares que eran obxecto de lendas e cultos pagáns por parte do pobo.

ONDE APARECEN E PORQUE?

Os conxuntos de petróglifos sitúanse nas abas das serras, e en ocasións atópanse rodeando brañas e cubetas, así como nas liñas de tránsito que comunican estas zonas cos lugares onde se atopan os poboados, como demarcando un territorio.

Durante a Idade do Bronce os poboados eran establecidos en zonas con fácil acceso á auga. Nas sociedades prehistóricas a arte sempre estivo relacionada con actividades de carácter ritual e relixioso, é dicir, que ademais de servir como marca territorial, os petróglifos puideron funcionar como lugares de agregación de guerreiros e como indicadores de sitios cunha especial carga simbólica.

Utilízanse os petróglifos como medio de coñecer os diversos aspectos da sociedade da época.


Os temas representados reflicten os valores dos varóns e dos guerreiros propios da sociedade orientada en canto o poder entorno o home.

A mensaxe dos grabados sería de aviso, advertencia e limitación ao uso do espazo, e de propaganda da forza dos seus usuarios habituais.

Tamén pode que fose a representación dun grupo de guerreiros en posición de parada militar ou de marcha de combate, ou de alarde de tipo ritual.


A disposición, aparentemente ordenada, das figuras suxire unha sensación de ritmo que podería ser indicativa dun movemento. A agrupación das figuras do sector dereito, parecen dispoñerse en dous círculos concéntricos, podería ser un modo convencional de expresar a danza.

Entre as armas representadas atopamos espadas, presidindo a composición unha espada pistiliforme com 2,40 m de longo e a seu redor, unha serie de puñais, alabardas e ate oito carros de guerra.




Disposición dos gravados na Agua da Laxe I

Fotos



y mapas



BIBLIORAFIA

- Internet :

- <http://masquepetrogliños.blogspot.com>

- <http://petrogliñosdomaxo.com/>


- <http://gl.wikipedia.org/wiki/>

- Enciclopedias.

- Gran enciclopedia galega nº 21, 1-48

Marcos.F.M

Xiom



Andrea

Marcos.F.G

PETROGLIFOS

